

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027782	IES Ordes	Ordes	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	34

## 1. Introducción

Co obxectivo fundamental de consolidar falantes para o galego, a materia de Lingua Galega en 3º da ESO continúa as liñas de cursos anteriores coa novidade do achegamento á historia da literatura galega. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, favorecendo un uso ético da linguaxe.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques:

"As linguas e os seus falantes": aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no respecto e aprezo pola propia lingua, fuxindo dos prexuizos.

"Comunicación": saberes implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional e mediática.

"Educación literaria": interpretación de textos literarios e achegamento ao contexto histórico e cultural do período comprendido entre a Idade Media e o inicio do século XIX. Procurarase favorecer e consolidar o hábito lector do alumnado.

"Reflexión sobre a lingua": aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Ademais dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios destaca a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o catalán e o portugués.

A proposta didáctica para 3º de ESO está articulada arredor de nove unidades didácticas. Á hora de nos achegar a calquera temática, destacaremos o enfoque oral e a aprendizaxe de contidos transversais.

Alén da competencia en comunicación lingüística, valorarase a Competencia Dixital (CD) e a Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CSCAA).

A esolla das obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios: que sexan representativas do noso corpus literario, de autoras e autoras salientables e que inclúan tamáticas actuais que promovan valores socioculturais e éticos (igualdade, inclusión, dereitos humanos...).

Esta programación pretende ser adecuada ao contexto sociolingüístico e ao alumnado do noso contorno escolar e social; concreta e flexible, que permita variacións e alternativas segundo os resultados no desenvolvemento da mesma; e tamén viable e realista.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuizos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Linguas sen fronteira	<p>No inicio de curso comezaremos cunha proba de avaliación inicial para coñecer o nivel e a competencia tanto oral como escrita en lingua galega do noso alumnado. Estudaremos o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, analizando as principais semellanzas e diferenzas entre ambas linguas.</p> <p>Analizaremos a realidade lingüística de España, achegándonos á lingua catalá e ás súas características básicas.</p> <p>Traballaremos as principais diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.</p>	10	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Linguas sen fronteira	Realizaremos exercicios para mellorar a ortografía, a gramática e o léxico procurando sempre unha maior autonomía e capacidade crítica. Analizaremos diferentes tipos de dicionarios da lingua e gramáticas para solventar dúbidas e avanzar no coñecemento da lingua.	10	11	X		
2	Trobadores e xogares	A partir da lectura dun fragmento dunha obra literaria actual, analizaremos a comprensión lectora do alumnado e a súa capacidade de reflexión sobre o contido e a forma do mesmo.  Achegarémonos á nosa lírica medieval profana, estudando as principais diferenzas entre a Cantiga de Amigo e a Cantiga de Amor. Analizaremos as características da Cantiga de Amigo, tanto no contido como na forma, lendo e escoitando mostras destas cantigas nos seus diferentes subxéneros.  Leremos e valoraremos o valor léxico e sociolingüístico das cantigas satíricas.  O alumnado realizará un traballo sobre a lírica relixiosa e a prosa medieval, seguindo unhas pautas dadas.	15	14	X		
3	O falar non ten cancelas	Tras a análise da realidade sociolingüística do centro e da contorna, estudaremos os fenómenos de contacto entre linguas: interferencias, diglosia, prexuízos e estereotipos lingüísticos, fomentando a reflexión e o sentido crítico. Estudaremos as características da lingua oral e as diferenzas entre os discursos formais e informais. Realizaremos actividades de escoita activa e de produción oral. Traballaremos os principais mecanismos que regulan as interaccións orais, tanto formais como informais. Tentaremos aplicar os coñecementos gramaticais a tales producións, facendo fincapé no uso axeitado dos paradigmas verbais, das perífrases e do infinitivo conxugado.	10	9	X		
4	Da escuridade á luz	Comezaremos o segundo trimestre repasando as diferentes categorías gramaticais. Profundizaremos no estudo dos tipos de afixos e na súa implicación no cambio de categoría gramatical. Traballaremos as diferenzas entre a familia léxica e o campo semántico, elaborando exemplos de ambos.	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Da escuridade á luz	A partir de varios tipos de textos prenderemos a elaborar esquemas, resumos e mapas conceptuais. Achegarémonos ao contexto histórico e social dos Séculos Escuros analizando algúns dos textos literarios máis relevantes de cada período.	10	8		X	
5	A nosa Rosalía	<p>Nesta unidade centrarémonos na figura de Rosalía de Castro e a súa trascendencia literaria e social na nosa cultura. Analizaremos o contexto do noso Rexurdimento literario. Traballaremos con diferentes textos da autora, tanto de Cantares gallegos como de Follas novas, tentando que o alumnado realice unha análise crítica do que le e sexa capaz de relacionar certos temas coa realidade actual e coa súa propia experiencia (a violencia, as desigualdades, o papel da muller...).</p> <p>Por outra banda, aprenderemos diferentes estratexias para mellorar os textos centrándonos especialmente na precisión léxica, na ortografía e no uso de construcións morfosintácticas propias do galego (infinitivo persoal, perífrases verbais, dativo de solidariedade, etc.)</p>	10	12		X	
6	Inclusión e igualdade	<p>Nesta unidade repasaremos cuestións ortográficas e o uso dos pronomes persoais. Traballaremos tamén os bloques dialectais, cos seus principais trazos, facendo fincapé na valoración das nosas variantes diatópicas.</p> <p>Na segunda parte da unidade estudaremos á figura e a obra de Manuel Curros Enríquez e de Eduardo Pondal.</p>	10	13		X	
7	Co audiovisual en galego	<p>Esta unidade que dá inicio ao terceiro trimestre xira arredor dos medios de comunicación e da publicidade. Trátase de que o alumnado se enfrente de forma consciente á textualidade multimodal dos medios de comunicación, saiba descodificalos e poida localizar o sentido, a intencionalidade e a presenza de posibles manipulacións.</p> <p>Estudaremos a publicidade como o exemplo de textualidade multimodal máis presente tanto nos medios de comunicación tradicionais como nas redes sociais. O alumnado, por grupos, deberá analizar tres anuncios nunha exposición oral.</p>	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Unha Galicia sostible	Tomando como referencia diversos textos sobre ecoloxía e ecosistemas terrestres, aprenderemos vocabulario sobre a paisaxe e a natureza. Estudaremos a narrativa e o teatro no século XIX e o impacto que supuxo o cultivo destes xéneros no seu momento.	10	8			X
9	Tradición sen prexuízos	A partir dunha lectura guiada de varios textos, analizaremos e reflexionaremos sobre a presenza do "eufemismo" e do "tabú". En lingua e sociedade, traballaremos os conceptos normativización a normalización lingüística. Coincidindo coa Semana das Letras Galegas, estudaremos a figura e a obra do autor homenaxeado, destacando o seu labor a prol da cultura galega.	15	20			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Linguas sen fronteira	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumnado relaciona e contrasta a historia da nosa lingua coa da lingua portuguesa e identifica as principais diferenzas entre ambas.	PE	100
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	O alumnado valora a pluralidade lingüística da Península e identifica nun texto as características máis básicas do catalán.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado sabe explicar as características que diferencian a lingua oral e a lingua escrita valéndose de diversas exemplificacións.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado realiza de xeito correcto buscas avanzadas en diferentes tipos de dicionarios respondendo a necesidades lingüísticas concretas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa.</li> <li>- Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal.</li> <li>- Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Trobadores e xogares	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado comprende e analiza a finalidade, a temática e a forma das Cantigas de Amigo e das Cantigas de Amor e valora a súa relevancia na literatura galega.	PE	70
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado pon en relación de xeito satisfactorio unha cantiga medieval coa literatura da época, coa evolución do xénero e coa lírica actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado elabora un traballo sobre as Cantigas de Santa María e a prosa medieval, seguindo unhas pautas dadas e demostrando un uso correcto da ortografía, da gramática e do léxico aprendido.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado localiza e explica a funcionalidade dos recursos formais nas cantigas medievais.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado comprende o sentido global de diferentes textos narrativos e reflexiona sobre a intención do autor e a súas características formais.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado relaciona o contido de varias Cantigas de Escarnio e Maldicir coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	TI	30
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado relaciona as cantigas medievais profanas con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e á súa forma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das pala-bras, compoñentes das oracións ou conxio)</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	O falar non ten cancelas	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado comprende e explica os fenómenos de conflito lingüístico, diglosia, estereotipo e prexuízo lingüístico. O alumnado identifica e reflexiona sobre os prexuízos e estereotipos lingüísticos presentes en textos diversos.	PE	20
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado elabora un texto escrito en formato dixital sobre os estereotipos e prexuízos asociados á lingua galega, respectando os requisitos formais e de contido indicados.	TI	80
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado compara os prexuízos lingüísticos presentes nalgunhas viñetas de Luís Davila e compáraas cos de Cousas e Cousas da vida de Castelao, analizando dun xeito crítico o contido das mesmas.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado expón oralmente a súa opinión sobre a realidade sociolingüística de Galicia. Emprega un rexistro culto, con fluidez, coherencia e cohesión, con uso correcto dos elementos non verbais e con contido apropiado e de interese.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente nun debate sobre a diglosia e os prexuízos lingüísticos en Galicia, aplicando na conversa as estratexias de cooperación e de cortesía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade.
- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.
- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
4	Da escuridade á luz	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado reconece as categorías gramaticais e identifica os diferentes afixos e o seu significado. É capaz de elaborar familias léxicas regulares e irregulares.	PE	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza e explica un esquema, un resumo e un mapa conceptual a partir dun texto dado e define algúns dos termos aparecidos nel.	TI	80
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado reflexiona oralmente sobre o contexto histórico, político e literario dos Séculos Escuros da nosa literatura.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado analiza e comprende textos literarios dos Séculos Escuros, reflexionando sobre o contexto no que foron escritos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.</li> <li>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A nosa Rosalía	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado comprende o contexto do Rexurdimento e analiza un texto rosaliano aplicando un modelo de comentario previamente traballado na aula.	PE	70
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado é capaz de poñer en relación a obra rosaliana coa literatura da época, coa evolución do xénero lírico e coa arte actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Nas probas escritas, o alumnado escribe con corrección ortográfica e gramatical e emprega estruturas como o infinitivo persoal, perífrases verbais, etc.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os seus textos tanto lingüística como literariamente detectando erros debidos á falta de atención. Aprende a valorar o erro como unha valiosa ferramenta de aprendizaxe.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado realiza, tras a lectura de varios poemas de Rosalía, unha análise detallada dos mesmos seguindo unhas indicacións previas.	TI	30
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado relaciona o sentido de varios poemas da autora coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado relaciona a obra de Rosalía con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou á súa forma..		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.

## Contidos

- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
6	Inclusión e igualdade	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado comprende o contido dalgúns poemas de Curros e e é quen de reflexionar sobre a lingua empregada polo autor. Aplica o aprendido sobre as variedades diatópicas para explicar a lingua de Curros.	PE	20



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado comprende e valora a obra de Curros e o seu papel coo poeta cívico, a partir da lectura dalgúns dos seus poemas máis relevantes. O alumnado reflexiona sobre a importancia da figura e da obra de Eduardo Pondal e da súa procura dun modelo de galego culto e supradialectal.	TI	80
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado fai unha selección de poemas de Pondal seguindo criterios temáticos e estilísticos.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado entrega un traballo escrito sobre a importancia da figura de Pondal na nosa literatura a partir dunhas pautas marcadas. Aplica o aprendido sobre ortografía e colocación do pronome, evitando erros comúns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Co audiovisual en galego	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado comprende e identifica a calidade e fiabilidade de informacións procedentes dos medios de comunicación.	PE	80
CA2.6 - localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza posibles manipulacións en contidos procedentes dos medios de comunicación.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado realiza por escrito unha reflexión coherente sobre as posibles manipulacións nas canles de transmisión de información.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado analiza satisfactoriamente a significación dos elementos verbais e non verbais en diferentes mensaxes publicitarias.	TI	20
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado analiza, nunha exposición oral, diferentes anuncios publicitarios (tanto na súa forma como no seu contido).		
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado valora criticamente o sentido e intencionalidade de mensaxes dos medios de comunicación dadas referidas a unha mesma noticia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Unha Galicia sostible	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado comprende, analiza e valora de xeito crítico diversos textos sobre o desenvolvemento sostible.	PE	50
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado comprende e relaciona a obra narrativa e teatral dos autores galegos do século XIX co contexto histórico e literario no que xorde e comenta o seu contido e a súa forma.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é capaz de discrepar, ordenar e reprobar dunha maneira empática e construtiva.	TI	50
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	O alumnado demostra que sabe utilizar de maneira adecuada estratexias na resolución dialogada de conflitos de maneira espontánea.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado comprende e interpreta diversos textos escritos sobre o cambio climático.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado le unha selección de fragmentos dos principais autores da prosa e do teatro do século XIX e reflexiona sobre o seu contido e a súa forma.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado relaciona a obra textos narrativos e teatrais de autores do século XIX con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Tradición sen prexuízos	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado comenta oralmente unha iniciativa de mellora social que espertase o seu interese e segue as instrucións dadas.	TI	100
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado intervéen oralmente reflexionando sobre o proceso de normativización a normalización lingüística da nosa lingua.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado entrega unha reportaxe sobre o escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas, respectando as características deste xénero e aplicando os contidos gramaticais e sintácticos estudados.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado entrega a reportaxe co corrector pasado e sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. letras repetidas, repetición de palabras...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Para lograr unha aprendizaxe significativa e construtiva, antes de comezar cada unidade, faremos unha pescuda dos coñecementos previos do alumnado para vincularlos coas novas aprendizaxes. Tamén se proporán preguntas que estimulen a súa capacidade de atención e reflexión. Buscarase sempre a progresiva autonomía do alumno na súa aprendizaxe.

##### LIÑAS METODOLÓXICAS

O obxectivo principal vai ser mellorar a competencia comunicativa, oral e escrita, na lingua galega. Non noso caso, partimos dun alumnado na súa maioría galego-falante polo que teremos que centrarnos en eliminar e pulir as interferencias co castelán, os vulgarismos, dialectalismos, etc. E traballar asemade os prexuízos asociados á nosa lingua, dos que ás veces non son conscientes.

A nosa metodoloxía de ensino será o máis activa posible, alternando traballos individuais con traballos grupais ou cooperativos. Trataremos, na medida do posible, de ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe co fin de que

todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

#### LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE

- Uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e que favorezan a súa autonomía.
- Realización de tarefas complexas que requiran a mobilización dun amplo conxunto de recursos e saberes e que lles permitan afrontar con éxito diferentes situacións comunicativas na nosa sociedade actual.
- Deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles e que partan das súas vivencias particulares. Reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.
- Traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado demostre e a súa capacidade para se relacionar cos demais, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas establecidas. Trataremos sempre de reforzar a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- Énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en practica de mecanismos de reforzo.
- Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- Desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- Potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa. Buscamos a intercomunicación nos dous idiomas con actividades que favorezan a adquisición de habilidades como a mediación. A través da colaboración co equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos ou ben mediante programas internacionais, promoveranse actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono.
- Traballo interdisciplinario e coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e co equipo de biblioteca, promovendo actuacións diferentes actuacións: visitas de autores, concursos, saídas didácticas, exposicións...
- Proposta de lectura de obras que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).
- Recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada.
- Emprego de estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquiera os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais): cinema, dramatizacións e representacións teatrais, radio, música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.
- Cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado a través da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.
- Desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, respectando os dereitos da propiedade intelectual.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. Baía Edicións.
Callón Torres, Carlos Manuel (2022) O libro negro da lingua galega . Edicións Xerais de Galicia.
Castro, Rosalía de (2019) Escritos feministas. Fundación Rosalía de Castro.
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do português contemporâneo de acordo com a nova ortografía. Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Edicións Xerais de Galicia.
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Edicións Xerais de Galicia.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Edicións Xerais de Galicia.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Edicións Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Galaxia.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998-2003). Gramática da Lingua Galega (Volumes I-II-III e IV,) A Nosa Terra.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Edicións Xerais de Galicia.
Gómez Sánchez, Anxo e Queixas Zas, Mercedes (2001) Historia xeral da literatura galega. A Nosa Terra.
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Edicións Xerais de Galicia.
López Viñas, Xoán; Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. Baía Edicións.
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Edicións Xerais de Galicia.
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Edicións Xerais de Galicia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2002) Historia da literatura medieval galego-portuguesa. Sotelo Blanco.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2013) Historia da literatura galega I. Das orixes a 1853. Edicións Xerais de Galicia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2014) Historia da literatura galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento. Edicións Xerais de Galicia.
Queixas Zas, Mercedes (2016) De pergamiños, follas voandeiras e libros ao .gal. Breve historia da literatura galega. Edicións Xerais de Galicia.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Edicións Xerais de Galicia.
Torres Santomé, Jurjo (1995). O Curriculum oculto. Porto Editora
WEBS

Aulas Galegas.Galego ( <a href="https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/">https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/</a> )
Casa de Rosalía. Fundación Rosalía de Castro ( <a href="https://rosalia.gal/">https://rosalia.gal/</a> )
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (22 de agosto de 2022). Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa. ( <a href="http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2">http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2</a> )
Diccionario castelán-galego. Rinoceronte Editora ( <a href="https://rinoceronte.gal/diccionario/">https://rinoceronte.gal/diccionario/</a> )
Diccionario de pronuncia da lingua galega ( <a href="http://ilg.usc.es/pronuncia/">http://ilg.usc.es/pronuncia/</a> )
Diccionario da Real Academia Galega ( <a href="http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do">http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do</a> )
Diccionario visual interactivo ( <a href="http://www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/diccionario.html">www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/diccionario.html</a> )
Fundación Curros Enríquez ( <a href="http://www.currosenriquez.es/">http://www.currosenriquez.es/</a> )
Historia da Literatura Galega. AS-PG ( <a href="http://literaturagalega.as-pg.gal/">http://literaturagalega.as-pg.gal/</a> )
Rosalía de Castro - A Casa de Rosalía de Castro. Lista de Spotify que recolle versións musicadas da obra de Rosalía de Castro ( <a href="https://open.spotify.com/playlist/2SJGaDUGMjdcBouKLBSjiw?si=da61844b3ee1403b">https://open.spotify.com/playlist/2SJGaDUGMjdcBouKLBSjiw?si=da61844b3ee1403b</a> )
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia ( <a href="http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg">http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg</a> )

Neste curso comezamos a traballar co libro de 3º ESO de ANAYA Lingua Galega e Literatura - Celia Díaz Núñez e Miriam González Iglesias -, que inclúe Edudynamic, un proxecto dixital que cobre todos os contidos do curso e que se adapta a calquera plataforma e dispositivo.

Ademais do libro de texto que servirá de referencia para a progresión dos contidos, botaremos man de moitos outros recursos variados.

- Material bibliográfico: diferentes libros de consulta, libros de lectura, dicionarios en papel, xornais, revistas, etc.
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais, portais da lingua, blogs, aplicacións, etc.

Contaremos tamén con material específico, proporcionado polo departamento de orientación e elaborado polo profesorado, para tratar os casos de atención á diversidade (TDAH, TEA, discapacidade visual...)

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial ten como finalidade diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado. Esta terá lugar nas primeiras sesións do curso.

Xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE será unha ferramenta esencial para coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel. Constitúe ademais un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan ou ben para solicitar, se é preciso, á xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba poderá partir dun texto literario ou, xornalístico e constará das seguintes partes:



- Comprensión oral: preguntas sobre o contido dun audio ou vídeo.
- Comprensión escrita: preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Producción oral: intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
- Producción escrita: composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	70	20	20	70	20	80	50	0	<b>46</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	30	80	80	30	80	20	50	100	<b>54</b>

### Criterios de cualificación:

Para os efectos de cualificación, os contidos distribúense en tres trimestres, aos que corresponde cadansúa nota. O trimestre considérase aprobado cunha nota mínima de 5. Para establecer esta media avalíanse as probas, as tarefas realizadas a diario e unha lectura obrigatoria.

As porcentaxes establecidas para cada parte son as seguintes:

a) Probas orais e escritas: 90%

O 90% da avaliación da materia corresponderá ás unidades didácticas (polo tanto, a nota destas será ponderada polo 90%). Entran neste apartado todas aquelas PROBAS e TAREFAS das que se esixa entrega e que leven asociada unha nota na súa corrección.

Por regra xeral realizaranse dous exames por trimestre. Este número pode variar en función das circunstancias do curso e do avance na materia. Estes exames, xunto coas demais probas (comentarios, etc.) poderanse realizar sen previo aviso ou ben convocálas con antelación. As probas orais e escritas poden ser de distintos tipos: con preguntas obxectivas, comentarios, desenvolvemento dun tema, test, redaccións, traballos, exposicións, recitados... Das probas orais deixarase constancia no caderno ou fichas do profesor.

En canto á corrección na expresión escrita, poderase descontar ata 1,5 puntos na cualificación por erros lingüísticos: incorreccións léxicas, morfolóxicas e sintácticas, erros ortográficos e na puntuación e acentuación, na coherencia e na cohesión. Valorarase tamén a presentación adecuada dos escritos e das probas.

O alumnado que cometa fraude durante a realización dunha proba (copiar nun exame, plaxio nunha tarefa...) será cualificado cun 0 nesa proba.

b) As lecturas: 10%

O 10% da avaliación da materia corresponderá á lectura obrigatoria dunha obra literaria (polo tanto, a nota obtida nesta será ponderada polo 10%).

Para a avaliación destas lecturas, o alumnado deberá realizar unha proba escrita, oral ou tarefa indicada polo profesor no tempo e forma establecidos. Nesta proba debe demostrar a realización da lectura e a súa comprensión.



As obras de lecturas propostas serán unicamente avaliadas en cadanseu trimestre e non serán obxecto de recuperación. Non realizala e superala con éxito implica renunciar ao 10% da cualificación.

As lecturas obrigatorias para 3º ESO son:

- O que sei do silencio. Andrea Maceiras.
- Os nenos da varíola. María Solar.
- O corazón de Xúpiter. Leticia Costas.

c) O traballo diario e a progresión individual

O profesor poderá redondear á alza a nota con ata 0,5 puntos extra no caso do alumnado no que perciba unha especial progresión individual desde o seu punto inicial ou ben un especial esforzo e capacidade de superación.

Avaliarase a partir dos seguintes instrumentos:

- A observación directa do traballo e da participación relevante na aula.
- A utilización da lingua galega e o esforzo no uso correcto do código.
- As tarefas de realización diaria realizadas na aula ou na casa. Valorarase que estean convenientemente actualizadas, completas e corrixidas en canto á expresión, ortografía, orde, claridade, presentación, etc.

d) Traballos extra

Poderanse realizar traballos para subir a nota do trimestre: lecturas extra e traballos elaborados sobre elas, proxectos artísticos, literarios, videográficos ou cinematográficos, entrevistas...

A súa realización e puntuación, de ser o caso, consensuarase coa profesora e nunca excederá 1 punto no global do trimestre.

e) O uso do galego oral

O uso do galego como lingua vehicular durante o desenvolvemento das sesións e na comunicación entre docente e alumno/a, é obrigatorio. Non utilizar o galego de maneira sistemática nas aulas pode supoñer a perda de ata 1 punto no global da avaliación.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Para calcular a cualificación ordinaria farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

Na cualificación final, o alumnado superará a materia cando teña unha media aritmética de 5 puntos ou superior, tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (ou recuperacións) e valorando tanto as probas escritas como as diferentes táboas de indicadores.

### **Criterios de recuperación:**

Cando algún trimestre sexa avaliado de maneira negativa estableceranse mecanismos de recuperación da avaliación enteira ou da parte suspensa ao longo do curso. Realizarase a recuperación da 1ª avaliación ao longo do 2º trimestre, e da 2ª avaliación ao longo do 3º trimestre. A recuperación da 3ª avaliación será no exame final de xuño.

Para o alumnado que teña contidos da materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación ordinaria, elaborárase un breve informe de avaliación individualizado.

No período que abranque entre a 3ª avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria (para bacharelato), realizaranse actividades de apoio, reforzo, consolidación e recuperación e non se impartirán novas unidades didácticas.

Se o docente o estima conveniente, poderá incrementar a nota do alumnado que se implique na realización destas tarefas ata un máximo de 0,5 puntos. O alumnado que non acade de media un 5 entre as tres avaliacións, poderá

recuperar as partes suspensas nunha proba realizada no período que medie entre a 3ª avaliación e o final do curso. Nesta proba entrarán as avaliacións suspensas e non se avaliarán as lecturas. Para acadar o aprobado cómpre obter un 5.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Segundo o artigo 13.5. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar e que dita o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. As estratexias serán distintas ás empregadas habitualmente na aula co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis ríxidos para que a alumna/o non esqueza dedicarse tamén a esa materia.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Os recursos materiais son: computador portátil, impresora, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Empregarase a aula virtual, ABALAR e/ou Edixgal outros medios dixitais.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso no que se atope actualmente para seren corrixidas, ao tempo que poden consultar dúbidas.

g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Atenderase a través de medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a suza avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación do alumnado que ten materias pendentes débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes debeá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da suza repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán realizar dúas probas extraordinarias, nos meses de xaneiro e maio. O alumnado que aprobe a primeira metade en xaneiro, só deberá realizar en maio a segunda parte. Aqueles que en xaneiro non superen a proba ou os que non se presentasen ao exame, deberán examinarse en maio da totalidade dos contidos.

Teranse en conta estes aspectos:

-O alumnado pendente deberá superar os mínimos de consecución marcados na programación do curso no que estea suspenso. Debe entregar en tempo e forma os proxectos trimestrais non superados e/ou non entregados no curso anterior. No mes de xaneiro do curso actual, o alumnado que suspendese o primeiro proxecto do curso anterior poderá volver a entregalo para a suza recuperación. No mes de maio, o alumnado que suspendese os proxectos número 2 e/ou número 3 poderá volver a entregalos para a suza recuperación.

A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita se o profesor/a o considera oportuno, de non ser así, terá que realizar os exames.

As porcentaxes que se aplicarán serán as seguintes:

Táboa de indicadores (probas orais, proxectos etc.): 50%

Proba escrita: 50%

A superación da materia nun curso superior, significará o aprobado da materia suspensa no nivel inferior.

h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliación e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titores legais, será remitido ao departamento.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Están orientadas a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria (necesidades educativas especiais, atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, trastornos de atención ou de aprendizaxe, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, situacións de vulnerabilidade socioeducativa, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou determinadas condicións persoais ou de historia escolar) poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

A partir da avaliación inicial do alumnado, propóranse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.

O plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Unha vez realizada a avaliación inicial e analizados os informes do centro de procedencia xunto coa información facilitada pola orientadora, para aquel alumnado con TDAH aplicarase o Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario que se concreta nas seguintes actuacións:

Deberá estar nunha aula con bo clima de traballo, sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Contará cunha axenda que o axudará na súa organización. Evitarase a proximidade a portas, xanelas, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como estímulos sonoros ou visuais.

Implementaranse outras medidas como: alternar actividades teóricas con traballo práctico; antes de empezar unha actividade, explicarase en que consiste de xeito claro e sinxelo; empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización; segmentar as actividades longas e limitar o número destas; supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións; usar reforzos e apoios visuais na instrución oral; combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras; propor exercicios variados; conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas; utilizar reforzos positivos para motivar.

En canto ás tarefas ou deberes que se lle proporán procurarase: reducir e fragmentar as actividades; supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer; utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral; non sobrecargalos de tarefas, seleccionando as máis importantes.

Nas probas escritas será necesario: fixar as datas dos exames con suficiente antelación; traballar con mostras de formato de exames; utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación; acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo; complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos; alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías); pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oralmente ou no computador); dar máis tempo para realizar as probas e ser flexibles na súa duración; resaltar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importantes e no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa; na medida do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño; deixar suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina), supervisando a súa comprensión e execución durante a proba; posibilitar que o alumnado poida recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos; pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X			X		
ET.4 - Competencia dixital			X			X		
ET.5 - Emprendemento social e empresarial							X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X		X		X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores			X			X		
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	X		X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X

### Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 3º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- Comprensión lectora
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual
- Competencia dixital
- Emprendemento social e empresarial
- Fomento do espírito crítico e científico
- Educación emocional e en valores
- Igualdade de xénero
- Creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º Trimestre - MAGOSTO	Celebración da festa do Magosto con actividades vinculadas á mesma.			
2º Trimestre - ENCONTRO CON ESCRITORES	Encontro e coloquio cos escritores das obras de lectura obrigatoria.			
3º Trimestre - CORRELINGUA	Participación no Correlingua e nas actividades relacionadas con esta actividade.			

**Observacións:**

As actividades complementarias insírense de cheo nas unidades didácticas da programación. O alumnado poderá realizar proxectos e actividades con carácter voluntario para incrementar a súa nota trimestral.

O incremento de nota será dun máximo de 2 puntos na cualificación da materia e só se fará efectivo unha vez que a alumna ou alumno teña chegado á cualificación de 5 sobre 10 nos instrumentos de avaliación de cada trimestre.

Estas tarefas desenvolveranse fóra da aula e poderán xirar arredor destes aspectos:

- a) Lectura voluntaria de obras literarias.
- b) Investigación arredor de distintos aspectos da cultura, da lingua, da literatura e da sociedade galega.
- c) Investigación sobre sociolingüística a través do EDLG.
- d) Asistencia aos actos culturais no concello como unha obra de teatro ou unha presentación literaria, cando vaia acompañada da crónica do acto ou dunha entrevista para a web do EDLG (1 punto).
- e) Colaboración co EDLG, con mostras de traballo (podcast, textos etc.).
- f) Celebración das festas rituais de Galicia (Magosto, Samaín, Entroido...)

Na Programación Xeral Anual do centro, aprobáronse as seguintes actividades para o Departamento de Lingua Galega, destinadas tanto á ESO como a Bacharelato:

- Acudir a unha representación teatral.
- Encontros con escritores.
- Lecturas dramatizadas na aula.
- Traballo coa prensa na aula
- Acudir a unha exposición pictórica.
- Visualizar cinema galego.
- Recoller manifestacións de literatura popular na zona.
- Saír a algún festival.
- Participación no Correlingua Santiago de Compostela
- Realizar pequenas pezas audiovisuais.

Por outro lado e, na medida do posible, realizaranse saídas multidisciplinares con outros departamentos (exposicións pictóricas, festivais...)

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.

8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizalas e comentalas na clase.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensinoaprendizaxe das fillas ou fillos.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

### Descrición:

A avaliación do proceso do ensino e da nosa práctica docente efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Estes indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados serán inseridos na memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.



## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

- Introdución.
- Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.
- A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia.
- Medidas de atención á diversidade.
- A concreción dos elementos transversais.
- As actividades complementarias.
- A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

- A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
- O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
- Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
- Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
- En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
- Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.
- Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
- Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
- Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
- Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

-Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .

12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.

13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

## **9. Outros apartados**

### **1. Adaptación do calendario final de curso**

Tal e como indica a Orde do 27//12/22, a 3ª avaliación parcial do alumnado da ESO deberase realizar a partir do día 22 de xuño, coincidindo coa sesión de avaliación final. Isto supón unha modificación do calendario escolar establecido na Orde do 20/05/22. Tendo en conta este cambios na organización final do curso, o Departamento de Galego acordou en reunión do 2 de febreiro do 2023 non modificar a temporalización da materia, de xeito que as dúas semanas finais de curso sirvan en función das necesidades de cada curso para recuperar os temas non impartidos, reforzar os contidos peor asimilados, contribuír á recuperación do alumnado que non superara a materia ou realizar actividades de ampliación se se considera oportuno.